



Cousas do Castelao



 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

O Calvario – Vigo Primavera de 2023



ÍNDICE

FESTA DA GRADUACIÓN	páxina 4
CAMBIO DE EQUIPO DIRECTIVO	páxinas 5
LETRAS GALEGAS	páxinas 6 e 7
ERASMUS ALUMNADO ADULTO	páxinas 8 a 14
ENTREVISTA CON XAVIER QUEIPO	páxinas 15 a 24
O IES CASTELAO NOS MEDIOS	páxinas 25 e 26
MEMORIA DE ACTIVIDADES BIBLIOTECA	páxinas 27 a 29
FERVENZA DA FEIXA	páxina 30
MALDITO SOÑO	páxina 31
BALLET	páxina 32
O BULLYING	páxina 33
POR QUE?	páxina 34
PERDA	páxina 35
PREMIAD@S NO CERTAME DE MICRORRELATOS	páxinas 36 a 41
INSTRUCCIÓN PARA DEPRIMIRSE	páxina 42
COLABORADORES	páxina 43



FESTA DA GRADUACIÓN



O pasado venres 26 de maio tivo lugar a graduación da LIII promoción de 2º de bacharelato do noso instituto no Teatro Salesianos.

Nesta ocasión a madriña da promoción foi Alejandra Álvarez, profesora de inglés, quen pronunciou un afectuoso discurso de despedida ao seu querido alumnado. A representante das familias, Nathalie Rodríguez, tamén nos emocionou xunto con Flora Iglesias, representante da ANPA.

Os mouchos dos mellores expedientes foron entregados a Alba Pérez, Alejandro Rouco e Paula Estévez. Uxía Prieto pronunciou o discurso de despedida en representación do alumnado e nos sacou un sorriso a todo o profesorado.

A velada estivo amenizada polo grupo de música de 2º de bacharelato acompañados da súa profesora Josefa Fernández. E coma sempre, o peche correu a cargo do noso director, Marco Veiga.

Cambio de equipo directivo

Despois de oito anos de enorme traballo pasan á reserva os actuais membros do equipo directivo.

O director Marco, o secretario Jose, a vicedirectora Silvia (antes Julio), a xefa de estudos Chus (antes Roberto) e Carme, xefa de estudos de Adultos, levaron adiante un enorme proxecto de renovación e consolidación dun extraordinario ambiente de traballo neste instituto, que merece todo o noso respecto, admiración e agradecemento.

O Castelao é un instituto ben complexo, tanto pola procedencia xeográfica do alumnado –dunha chea de nacionalidades diferentes- como pola problemática intrínseca deste: moitas dificultades, tanto académicas como persoais, ás que quixeron facer fronte desde a complicada conciliación de horarios e necesidades de tantísimo alumnado e tamén moito profesorado e algún (sempre insuficiente) persoal non docente. Intentárono e, aínda que é de supoñer que non sempre, fórono conseguindo. Cóstanos que loitaron por facelo, desde logo. E cunha pandemia polo medio!

Traballaron tamén arreo na mellora material dun centro que hai oito anos presentaba un estado bastante deficiente e que deixan hoxe moi mellorado: como exemplo, ese pavillón digno, un paraninfo con asentos decentes e algo moi parecido a un escenario e no que, ademais, se celebran decote actividades moi diversas.


Sirvan estas breves liñas como constancia do recoñecemento do seu paso, inesquecible, pola dirección do instituto Castelao.

Grazas, equipo!



O IES CASTELAO GAÑA O CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2023

O proxecto *Camiñando con Ramón Sanfiz* coñecemos a Francisco



Fernández del Riego, elaborado e presentado polo noso centro para participar no Concurso-Exposición Letras Galegas 2023 sobre a obra, a época e a lingua de Francisco Fernández del Riego –a quen se lle dedica este ano a celebración das Letras Galegas– foi premiado pola Secretaria Xeral de Política Lingüística na categoría destinada a ESO, Bacharelato, FP e ensinanza de réxime especial.

O proxecto consta de dez carteis e unha guía didáctica e foi elaborado por un equipo formado por alumnado de 4º de ESO, da materia de Debuxo, e profesorado dos departamentos de Plástica (Chus Ferrín, Dani Pouso e Carme Nogueira) e Lingua Galega (Cándido Paniagua, Ramón Nicolás e Agustín Nieto) coa colaboración do EDLG.

A idea de estruturar o proxecto arredor dun percorrido por diferentes lugares de Galicia guiado polo *alter ego* de don Paco, Ramón Sanfiz, resultou particularmente afortunada e o traballo realizado polo

alumnado para plasmar en carteis as ideas suxeridas foi, sen dúbida, do máis brillante e meritorio.

A experiencia resultou moi enriquecedora e plenamente satisfactoria, mesmo se o resultado do concurso fose outro ao final. Nalgún momento case se volve un verdadeiro *tour de force*, pero deuse sacado adiante mercé ao entusiasmo que sempre serviu de liga entre todo o grupo.

A obra será impresa e distribuída polos centros de ensino e bibliotecas de Galicia e tamén se poderá descargar libre e gratuitamente desde o Portal da Lingua Galega.

Parabéns a toda a comunidade educativa do IES Castela (O Calvario) de Vigo e, en particular, ás persoas que dun xeito ou outro participaron e/ou colaboraron na elaboración do proxecto galardoado.

Saúde e Terra!!!



ERASMUS ALUMNADO ADULTO

Os galeguistas pretendemos, pois, que Galiza encha o imperativo que representa a súa vinculación a unha superior unidade humán, que intente asegurar, guindando coas fronteiras, a paz dos pobos e o benestar dos homes”

Alfonso R. Castelao.

Estas palabras de Castelao, o mesmo que dá nome ao noso instituto, teñen o carácter universal non só xa da Unión Europea, senón dunha verdadeira fraternidade de pobos a nivel global. No contexto dos anos finais da Segunda Guerra Mundial, o político albiscaba o final do fascismo criminal alemán e albergaba a esperanza de que os aliados liberasen a España do fratricida Francisco Franco. Se ben o primeiro ocorreu, no segundo, case que catro décadas após seguía o xugo fascista.

Hoxe, que a extrema dereita gaña votantes país a país có horizonte de tomar, ou destruír, as institucións europeas, debemos ter en conta *a vinculación a unha superior unidade humán que guindando coas fronteiras* nos dea a posibilidade dunha convivencia lonxe da sombra totalitaria. Antiga pero enraizada, nesta vella Europa aínda alumea o vigor dunha cultura expansiva e de longo alcance, como un mísil. Pero este mísil metafórico quere, e pode, impactar no individuo e o seu ser social, no pobo e na unión entre eles, respectando a súa singularidade. Malia falar linguas diferentes, ter xeografías e climas diverxentes, nos une a cultura: a propia e común coa allea, ó calor dunha fogueira que representa o noso anhelo, o mesmo de Castelao: *a paz dos pobos e o benestar dos homes*.

José Ortega e Gasset dicía “*España es el problema, Europa la solución*” ao dicir isto non imaxinaba que viviría nun Estado fascista, creo que a prefiguración da Unión Europea como algo positivo contra desa España escura non deixa de ser certa se pensamos na Transición, a das Nacións e o branqueamento dos representantes do antigo Réxime, ou a extrema dereita e o novo vello medo. A mocidade é quen debe mudar esa frase por esta: España non é o problema pero Europa é a solución.

Hoxe en día o anhelos de moitos non é erguer muros, simplemente queren dereitos e responsabilidades como pobos significativos que deben ser. Unha Europa atomizada de grandes países consolidados e outros esquecidos non é o que queremos.

Queremos unha Unión non só dos vinte e sete Estados membros.

Eu espero que sexa a suma das identidades que a conforman, e que dean uns ollos singulares e periféricos por contra dos grandes Estados, en ocasións miopes. A visión unitaria debe de ter a vista nos marxes, para así entender outras realidades que suman. Dignificar aos pequenos pobos en países aglutinantes é a posibilidade de que podan enfocar, dende a súa situación, a importancia dos migrantes, de pobos onde existen sociedades historicamente matriarcais, onde o campo é produto de riqueza e non un lugar estéril, onde as tradicións non son atraso nin nostalxia e si algo vivo, que ben podería valer para unha Europa chea delas, en toda a súa xeografía. Só dende o pequeno pódese ter unha idea máis aguda do marco macro económico e social nesta aventura chamada Unión Europea.

Creo nunhas institucións de todos e para todos. Nun ecosistema ata as laboriosas e pequenas formigas, ou abellas, son indispensables e deben saír na foto, non só os grandes e vistosos animais poboan os bosques desta Europa, noso ecosistema natural.

Non queremos tecnócratas saídos dunha historia de Kafka.

Queremos unha historia de Kafka onde a estrañeza veña de conseguir o imposible, uns lazos fortes e creativos, e non dun individuo ante unha burocracia que o anule coma persoa ou membro dunha comunidade.

Por esta Europa na que creo, gustaríame ir a Bruxelas e a Estrasburgo a coñecer de preto as institucións, coa miña mirada periférica na equipaxe.

Merlín Menéndez Pérez.

Viaxe Erasmus

O 27 de maio un grupo do alumnado adulto do IES Castelaio comezaba a súa aventura, na que ían descubrir cidades Europeas como Amsterdam, Bruselas, Bruxas e Estrasburgo. Unha semana de soño da que tentaremos compartir



unha pequena mostra aquí para que poidades desfrutalo connosco dalgunha maneira.


Sáímos de Santiago en dirección Amsterdam, chegamos na hora esperada, e agora si que comezaba a nosa aventura: unha semana para descubrir lugares emblemáticos da UE e tamén –por que non?– para gozar das cidades europeas.

Esq. de pé: Aníbal, Santi, Merlín, Alex, Adolfo, Lorena, Nacho e Sebas.

Esq. en crequenas: Cristina, Cristian e M^a José.

AMSTERDAM

Cidade recoñecida pola súa tolerancia e diversidade. É sinónimo de harmonía, beleza e romanticismo. O día nesta fermosa cidade comezou cun free tour; contounos que a cidade está construída sobre area e que está 2 m. baixo o nivel do mar, por iso tantos diques e canles. Iso dálle unha beleza especial ás construcións, moitas delas están inclinadas e todas teñen un gancho no cumio para manter secos os alimentos cando haxa cheas.



Unha

curiosidade é que os templos relixiosos teñen agora funcións moi dispares, dende tendas ata pubs, pasando por ximnasios. Se ides a Amsterdam, é obrigado percorrela en bici, aínda que teño que dicir que unha servidora non o fixo, pero o resto do grupo contou que foi unha experiencia inesquencible. E

así pasou o noso primeiro día de Erasmus (que nos deparará o seguinte?).

Bruxelas, Parlamento Europeo e Bruxas



No segundo día tocou visita ao parlamento europeo e deu a casualidade que, cando iamos coller os aparatos para o audioguía, apareceu un traballador do parlamento e ofreceuse a facernos de guía; sabedes iso de que hai un galego na lúa?, pois iso. O home era da terriña, falounos do que facía a UE polos cidadáns. A título persoal creo que a pandemia, por exemplo, a xestionaron moi ben, aínda que poñer 27 países de acordo é moi difícil, pero creo que nesa cuestión estivo á altura que se lle pide. Tamén debo dicir que o hemiciclo é

impresionante.

Despois das visitas obrigadas (que non todo e pasear) tocou gozar dos encantos da cidade e encher o bandullo.



Na foto da esquerda podemos admirar os xardíns de Mont des Arts, un espazo ao descuberto para desfrutar admirando o capitel do axuntamento da cidade e contemplar unha panorámica da cidade. Tamen é obrigado visitar o Atomium ou a Grande Place: é o corazón histórico e comercial de Bruxelas, forma parte do conxunto arquitectónico do século XVII máis fermoso de Bélxica.



O día que tivemos libre fomos de viaxe a Bruxas, unha das cidades máis fermosas que visitei. Distínguese polos seus canais, as ruas



con lastros e os edificios medievais. Por algo é considerada patrimonio da humanidade. (Arriba á dereita, Bruxas).

Velaquí o famoso Manneken Pis, estatua de bronce creada no 1619. Ten unha altura de 65'5 cm. e 650 traxes gardados no Musée da Ville.

Estrasburgo e a sede oficial do Parlamento Europeo



Esta mañá tocou visitar a sede oficial da UE en Estrasburgo, un edificio moderno nunha localización privilexiada (á beira do Rin); dende o exterior o edificio destaca facilmente grazas á súa imponente estrutura. Ao entrar, o que chama a atención é o espazo aberto e a cantidade de luz natural que se filtra no seu interior, grandes zonas comúns que dan sensación de comodidade e liberdade. A seguridade percíbese en todo momento; é un lugar que reflicte a importancia e a influencia da UE e o seu papel no mundo de hoxe (impresións de Nacho)



Estrasburgo é unha cidade que aínda que non ten tanto nome como as outras, é moi bonita e limpa, para min foi un descubrimento moi grato, e sería unha cidade a que me gustaría volver algún día. Tampouco está exenta de lugares que visitar como, por exemplo, a Catedral de Notre Dame ou a igrexa de san Paulo (foto

esq.). As construcións tamén son dignas de mención polas súas casas ben coidadiñas e que parecen sacadas dun conto

E con isto rematamos a viaxe dos alumnos e alumnas de adultos do IES Castela, espero que poidades desfrutar polo menos un pouquiño da nosa viaxe.

Só queda dar as grazas a Erasmus Plus por esta oportunidade, e tamén aos docentes que fixeron posible que isto sucedera.

Grazas tamen aos compañeiros de viaxe polas risas que botamos.

Ata o ano que vén!!!



Cristina Vázquez Pérez

A miña experiencia da viaxe

Na miña opinión, foi increíble a maioría da viaxe a verdade, aínda que si que me gustaría que durase outra semana máis ou así para velo todo máis con calma e non tan a correr, si que é certo que ao principio me asustaba un pouco a idea de que non chegase a encaixar no grupo e que estivese calado, basicamente dicir estar “só”, pero levei unha gran sorpresa, xa que quitando algunhas persoas, fixemos “piña” e sinceramente parecéronme boa xente. Os profesores que nos acompañaron foron xeniais, os dous xa os coñecía porque me deron clase e foron ambos os meus titores.

Amsterdam: foi precioso, a cidade era coma se estivésemos nun país de fantasía cun toque medieval, o que me pareceu súpercurioso a xente súperamable e respectable e que cada dous metros había unha tenda para comprar marihuana; tamén me pareceu súpercurioso que as casas están inclinadas cara adiante e aos lados, a cidade era increíble, o paseo en bicis foi espectacular, basicamente en xeral gustoume moitísimo e o barrio xudeu espectacular, gustárame estar máis tempo alí.

Bruxelas: a verdade é que me esperaba outra cousa sendo capital europea, pareceume coma se estivésemos no Bronx de NY, unha cidade bastante sucia e a xente parecía que che ía sacar a navalla en calquera momento. Si que me pareceu curioso que no autobús urbano non se podía pagar con moeda, só con tarxeta e a xente podía entrar tanto por diante como por detrás. Despois o parlamento pareceume moi bonito e a verdade que impresiona bastante, do mesmo xeito que o Atomium.

Houbo un circuíto de 3 horas e o guía facíase bastante aburrido, a verdade. Sinceramente, a Bruxelas si que non volvería máis, xa que non me gustou moito.

Bruxas: pareceume un lugar espectacular, cunhas paisaxes increíbles, un sitio súpertranquilo, moi medieval tamén me pareceu e si que me gustaría estar máis tempo.

Estrasburgo: unha cidade tamén increíble, todo coma se fose un conto de fadas, si que me deu pena non ir ao museo vudú, pero tamén me pareceu unha cidade moi medieval e dábame a sensación de seguridade e pareceume moi gracioso atopar unha tetería que tivese o meu nome, aínda que case me dá un envorco ao corazón cando tiven que pagar 10,50 € por un paquete de tabaco e iso que era o máis barato. Gustárame vivir aí.

En xeral estivo increíble, si que agora estraño bastante os sitios, o idioma, as camiñadas que nos metiamos que chegabamos ao hotel esnaquizados, oxalá fose o Erasmus algo máis longo, pero si que repetiría mil veces esta experiencia e grazas de novo por elixirme.

Cristián Lema Benavides

A miña experiencia Erasmus foi unha aventura inesquecible que me ofreceu a oportunidade de explorar diferentes cidades de Europa dun xeito único. Durante o meu tempo no programa, visitei Bruxelas, Amsterdam e Estrasburgo e cada unha destas cidades deixoume impresionado.

En Bruxelas, quedei fascinado pola arquitectura e a historia. A cidade é o corazón da política da Unión Europea e desfrutei aprendendo sobre o papel que desempeña a cidade cunha visita guiada ao Parlamento Europeo. Tamén tiven tempo para probar os deliciosos chocolates belgas e visitar a famosa estatua do "Manneken Pis" e desfrutei coa visita guiada, xa que nos tocou un gran guía turístico.

Amsterdam foi unha das miñas favoritas debido á gran cantidade de cousas interesantes que fixen alí. O percorrido en bicicleta é imprescindible, e permitíume explorar a cidade algúns lugares interesantes que non tería visto doutra maneira. Tamén gocei coa visita guiada, xa que nos explicou a historia da cidade, onde viviu Ana Frank e o porqué de que algunhas casas estean inclinadas ou afundidas.

En Estrasburgo, unha das mellores experiencias foi a visita á sede do Parlamento Europeo. Foi increíble ter a oportunidade de ver a principal sede da UE e aprender sobre a política europea. Ademais, namoreime da beleza da cidade, cos seus fermosos canais e edificios tradicionais que te levan a outra época.

En xeral, a miña viaxe Erasmus foi unha aventura increíble e enriquecedora.

Encantoume explorar diferentes culturas e aprender sobre a historia e a política de Europa. Pero se tivese que elixir o mellor da viaxe, diría que o percorrido en bicicleta en Amsterdam e a visita



a Estrasburgo e á súa sede da UE, son dous momentos que nunca esqueceréi.

Nacho Forino

ENTREVISTA CON XAVIER QUEIPO



O 10 de maio de 2023 Xavier Queipo visitou o IES Castelao e mantivo unha conversa animada cun grupo de estudantes da quenda de adultos: Ignacio Forino, Cristina Vázquez, Sebastián López, Adolfo Fernández, Alejandro González, Lorena Fernández e María José Gream. Velaquí a transcripción de dito coloquio.

Pregunta: Como biólogo que é, unha das cousas que me gustaría que me dixera é o que pasa agora con Doñana e cales son as medidas que tomará Bruxelas.

Resposta: Bruxelas é un termo xenérico que inclúe varias institucións: a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Tribunal Europeo, que non está en Bruxelas, pero forma parte do poder europeo.

Se non estou mal informado, creo que xa hai unha sentenza sobre Doñana que é de obrigatorio cumprimento. A idea é que hai unha sentenza, entón tense que cumprir, e se non se cumpre, estas son vinculantes, entón hai que comezar o proceso de novo. Ir de novo a xuízo, a ver se houbo modificacións que fagan cambiar a sentenza, e se despois dese xuízo, séguese a ver que hai un problema, entón o Estado español tería que pagar unha cantidade diaria de 50, 60 ou 70 mil euros ao día, ata que non se cumpra a sentenza, porque é o órgano máximo dos xuíces de Europa.

En todas as institucións, hai unha graduación do que é máis importante e o que é menos; neste caso, que é importante? É unha reserva da biosfera, iso prima por riba dos intereses dos agricultores que están rodeando Doñana e que non poden pór en perigo a reserva. Que despois se articulen unha serie de axudas porque hai seca, iso é outra historia.

Pregunta: Como está de considerado, dentro da Comunidade Europea, a idiosincrasia pesqueira de Galiza?

Resposta: Galiza significa máis ou menos o 50% de toda España e o 25% da pesca de toda Europa; hai unha diferente consideración coa pesca de baixura, que é a prioridade do comisario vixente, a pesca de media altura, que tamén é unha prioridade, pero, digamos, a pesca oceánica e a pesca en augas de países terceiros, para a Unión Europea acaba resultando un problema, porque é moi cara. E os únicos beneficiarios son tres países nesta orde de importancia: España, Francia e Portugal. Ademais, os nosos empresarios, como os conserveiros cos grandes barcos de atúns, nin son españois nin galegos, é dicir, pórtanse como capitalistas, e o capital non ten nin estado nin nación, é dicir, eles van ter factorías e barcos abandeirados con bandeiras legais, a maioría deles, en Colombia, Nicaragua, Perú, Senegal e en moitos outros lugares do mundo. Entón, compórtanse como se comporta Zara ou calquera outra gran empresa. É dicir, se hai necesidade de cambiar a bandeira do barco, non o dubidan un momento e, se hai necesidade de cambiar a bandeira legal por poñer unha bandeira ilegal, tampouco dubidan en ningún momento.

Barcos de aquí de Vigo tiveron bandeiras de Panamá no seu momento, das Antillas holandesas, dos lugares máis recónditos que vostede poida pensar. E todas elas chámanse bandeiras de conveniencia, é dicir, que non pagan impostos. Entón, a imaxe que dá a pesca galega de grande altura é negativa, porque hai moitos antecedentes de piratas. E a imaxe que dá a pesca de baixura, o marisqueo e a pesca de media altura, é dicir, as que van ao Gran Sol ou van buscar o bonito do norte, non é negativa.

Como globalidade, a pesca representa o 0,5% do produto interior bruto de España, ou menos. Non é unha prioridade para o goberno español, non o foi nunca porque non o pode ser, porque as prioridades teñen que ver cos números do PIB. Se hai que cambiar “cromos dun consello de ministros”, ti dásmo e eu douche, eles van defender antes o aceite de oliva que o peixe. É unha das razóns que argumentan aqueles que pertencen a partidos non estatistas que dirán: “se estiveramos nós como comunidade independente dentro da

Unión Europea”, porque somos un país do mesmo tamaño que Estonia, ou sexa que non é un problema de tamaño, é un problema de capital.

Persoalmente... Galicia puido ser independente economicamente na última década nos anos noventa; había capacidade económica para ser independentes. Pero agora non,



porque as empresas desapareceron, as que non desapareceron puxeron a sede fiscal en Madrid, entón, cotizan en Madrid e entón nós temos un produto galego interior bruto que vai para abaixo. E nas vías eléctricas e nos bancos... Había

un informe, que eu vin do Banco de Bilbao cando aínda existía ... digamos que Galicia financeiramente era suficientemente autónoma como para poder ter un estado propio. Ao final a independencia ou non independencia é económica, non ten sentido a independencia se non te vas poder defender. Por que pedía independencia Cataluña? Porque podía e había unha parte importante que querían operar doutra maneira e, entón, pois tiña que ser desa maneira. É dicir, a pesca, se representa no Estado español menos do 0,5% de interior bruto, na Unión Europea representa menos do 0,05%, non é practicamente nada. Se se manteñen certos apoios á pesca é por unha idea mais ben romántica do que son a produción primaria, os empregos da agricultura e da pesca, pero non pola rendibilidade que poida haber.

Pregunta: Tense escrito obras noutros idiomas sobre a literatura galega. Entón a miña pregunta é... como opinas ti que é visto o galego fóra de España? Segundo a túa experiencia fóra de España.

Resposta: Hai que distinguir... como se ve o galego no contexto académico, ou sexa, nos departamentos de linguas románicas que están todos espallados polo mundo, que aí hai unha visión positiva. Terá unha visión positiva e hai moito interese. Hai estudantes que veñen todos os anos desde o estranxeiro a facer os cursos de galego en Santiago. Hai tradutores de galego, ben bos, por certo, por outra parte, que conseguen poñer a escritores galegos, como é o caso de Manuel Rivas, que o ano pasado entrou na lista dos cen libros

escollidos polo New York Times, por un período importante co seu libro último, *O último día do Terra Nova*, por que isto? Porque o tradutor é tan bo que foi capaz de poñer en inglés, o que en galego é unha novela, entre comiñas, normal; non é das mellores de Rivas, Rivas ten novelas moito mellores; pero que lle deu ese pulo importante.

Do punto de vista académico está moi ben visto. No punto de vista antropolóxico, cultural, social, a nivel global, claro, o galego é unha lingua que falan, falamos nós todos, teoricamente 2 millóns e medio, máis ou menos, que son máis do que falan o estonio, ou máis do que falan o maltés, ou máis do que falan o gaélico, que son linguas oficiais da Unión Europea. Pero claro, estamos nun mundo capitalista e globalizado onde as cousas se miden polo que valen. E entón, o valor das linguas non se está medindo pola súa beleza, pola súa capacidade de producir literatura, ou por representar un imaxinario colectivo, estanse medindo pola practicidade e cales linguas son boas para o comercio.

E ao final cada vez se está concentrando máis, digamos, o prestixio das linguas naquelas que non necesariamente están faladas por máis xente, senón naquelas que son máis útiles; porque se non, unha das primeiras linguas do mundo serían o hindi ou o urdú, que son faladas por millóns e millóns de persoas. Non, as que son máis útiles para o comercio. E cales son máis útiles para o comercio? Catro basicamente, que son o chinés, o árabe, o inglés e o español. Esas son as catro linguas. Podemos aprender unha quinta, que sería o francés, e despois buscar outras, xa como vicarias ou secundarias. Esas catro ou cinco linguas son as que teñen prestixio mundial a nivel popular. E iso transfírese da globalidade á propia sociedade onde estamos vivindo. Que o teu avó, a túa avoa, o teu pai ou a túa nai, o teus tíos falen galego na casa... pódese aceptar, pero non se acepta que ti non fales inglés, porque entón es un atrasado. É a valorización das linguas polo seu valor económico.

Para ir breve, no mundo académico está considerado na produción literaria tanto pasada como sobre todo actual do panorama literario galego, no mundo da rúa, de calquera lugar do mundo, está considerada como unha lingua pequena, aínda que teñamos unha masa crítica de falantes suficiente. Non somos unha lingua que se fale... o tupí-guaraní ou así que falen trescentas persoas, unha tribo, un lugar. Fala moita máis xente galego que islandés. Islandia que é un país independente, non desde hai moito tempo, que sempre foi colonia ou protectorado, pero desde os anos 50, Islandia ten a súa lingua que é o islandés, ata ten un premio Nobel da literatura islandesa, pero ten 300.000 habitantes, é como Vigo. E porén, pois, ninguén critica o islandés como... Porque o poder económico en Islandia o ostentan os islandeses e entón é interesante para o comercio. Aquí o poder económico, por poñer un exemplo en Vigo, quen ostenta o poder económico en Vigo? Á parte de Abanca, que é venezolana, e de varios empresarios do sector do automóbil, de capital francés, do sector dos hostaleiros, capital... digamos, dun fondo de investimentos, ou sexa, sen patria, e dos armadores, que queren ser españois, non hai capital galego. E ao non haber capital galego, o galego, economicamente non vale nada. Ou pouco.

Pregunta: Quería preguntarlle, en relación coa literatura, cando empezou a escribir?

E, ben, iso, é que, cando unha cousa é comezar a escribir e outra cando un comeza a publicar. É que eu comecei a escribir, debía eu ter sete ou oito anos. No publiquéi ata os trinta e tres. Entón, aí se produciron dúas cousas. Unha cousa que foi o cambio de lingua, é que aí pasei de escribir en castelán, porque era a única lingua que existía visible nos anos 60, non había practicamente produción en galego, moi pouca. Por parto da educación, instrución, nos institutos e iso non había nada. Dábanche un día de galego, isto, cando ías en COU, ou sexa, cando estábamos acabando para unha especie de seminario sobre... Porque xa había o día de Letras Galegas e había que facer algo. Aínda non era festivo, era produtivo. Entón, aí empecei a escribir. Gañei o primeiro concurso literario cando tiña 16 anos, en Castelán, un concurso de teatro cunha obra de ciencia ficción, que despois se representou e tal. E despois entrei na universidade e empecei a coquetear co galego cos colegas de arredor e despois fun ao servizo militar e unha serie de avatares.



Empecei a escribir en galego, realmente, con regularidade e a publicar, cando cheguei a Bruxelas. E por unha razón moi simple. Porque cheguei a unha comuna que é un distrito, a cidade está dividida en distritos, e unha comuna, onde había rexistradas cen linguas, cen, que non son poucas. Claro, un ten que pensar nas linguas dos 27 estados da Unión Europea, todas as linguas africanas que segundo se poden inventar, todas as variedades de árabe, os turcos, os persas... Claro, hai xente de todo o mundo, nas grandes cidades. Entón,

un empeza... Entón, di, ben, se o... se o... o do negocio da esquina, cando non escoita, ou sexa cando non está traballando, fala cos seus colegas en urdú, e aquel señor fala en lingala, e aquel señor fala en tal... Moi que vivo fóra, moi que vivo fóra, pois eu falo en galego e punto. E, despois claro, tamén ten moito que ver o sexo con esas cousas. No momento dado, se a parella ou parceira, parceiro ou que sexa, di que así, ou, se non, non hai festa, atención, un quere festa. Entón esas dúas cousas, digamos, a equiparación a nivel sentimental, unha, e a equiparación ao que se falaba na casa levan a que eu empezara a escribir en galego.

Cada escritor contará a historia que lle interese para dicir por que escribe, que si a, b, ou c. Podedes crer o que queirades, un escribe porque ten necesidade, ten necesidade para entender o mundo e entón o que fai é isto; o que pensa e vai poñendo nun tal, nun papeliño, unha libreta ou despois no ordenador ou onde sexa. Porque eu cando empecei a escribir

non había ordenadores, os ordenadores ocupaban unha habitación enteira no ano setenta e catro. Había só un ordenador en Santiago e ocupaba unha habitación enteira, entón, un empeza a escribir para entender o mundo, para entender os seus propios problemas, porque un cando... hai maneiras de reflexionar, podes reflexionar en silencio ou podes reflexionar escribindo pensando pola casa.

–Escribiu pero estudou medicina e bioloxía...

–Claro...



–Parece como un pouco de diferenza...

–Non, non, digamos, hai un prexuízo, que é que as ciencias están separadas das letras. É mentira. Para entender o propio concepto de escribir un necesita de ter un método de análise, e o método de análise é o método científico para un poder entender por que hai máis velocidade no pensamento que no movemento, ten que entender todo isto. O problema é que hai unha separación, digamos, pragmática pero absolutamente louca entre as ciencias e as letras, hai un traballo de hai máis ou menos 60 anos, dun científico inglés que se chama Percy Snow que se chama “As dúas culturas” que é un traballo que apareceu nunha revista *Science* ou *Nature*, nunha destas importantes de ciencia, onde o tipo explicaba por que non era bo separar unha cousa da outra. Porque un que é médico ten que ter coñecementos, ademais de coñecementos de medicina, técnicos... de como tratar a xente, da psicoloxía, dos costumes, dos ritos, dos mitos; porque se non entendes iso,

non entendes moitas cousas da dinámica das familias, de por que a xente cre ás veces máis nunha combinación, digamos, de plantas que do que lle está falando o propio médico, e non te dá conta de que para curar unha enfermidade ás veces o único que hai que facer é facer as boas preguntas, para poder diagnosticalas ben, e para facer as boas preguntas tes que saber o momento en que tes que facelas, como facelas, porque en moitos casos podes ferir a sensibilidade ao que lle estás preguntando, e entón ademais de ter os coñecementos científicos tes que ter coñecementos, digamos, máis de educación sentimental. E quen dá a educación sentimental? A literatura, a historia, as artes plásticas...

En Galicia hai moitos escritores biólogos, sobre todo en narrativa, por una razón moi simple. Cando un é biólogo, ten que aprender a describir, a describir un animal para separar este de este que parecen iguais. Pero este e este no son iguais, porque hai un dedo destes que se dobra máis que o outro.

–Si, polas características.

Entón para decidir unha especie nova, hai que saber definir a perfección, esta especie de planta e esta outra, para saber que hai unha distinta da outra.

–E debuxala non?

Debuxalas e tal. Agora coa fotografía, xa desapareceu un pouco a necesidade desa arte, pero antes si existía, a observación, digamos a descrición e a comparación, probablemente, non haxa ningunha profesión..., probablemente hai poucas profesións digamos que teñan, tanta necesidade de saber describir, como os biólogos. Despois isto, para contar contos aos nenos, e.... os nenos teñen que desfrutar con que o avó sexa biólogo, porque lle vai explicar o comportamento das formigas, por que flotan os peixes, por que hai distintos tipos e distintas formas de flores, como se adaptan as flores, como se chama as, e os distintos insectos para polinizar. Que marabilla ten que ser describir, por exemplo..., imaxine que vostede é unha abella, e entra dentro dun tubo, dun tubo enorme que cheira magnífico, que una flor e ten que ir a buscar alá ao fondo, o néctar e tal, e van tocando uns peliños de polos lados e sae de alí chea de pole. É dicir, iso pois ao mellor un poeta abstracto no é capaz de definilo, pero un biólogo si, é vas facer unha gravación fantástica.

–Un poeta aínda que sexa abstracto é capaz de polo, que o entenda e un pouco mais complicado.

Funme un pouco do tema, Como sempre.

Pregunta: A miña pregunta, é sobre o que estabas falando agora, que que e o que necesita un escritor, sobre que tamén é bo saber sobre ciencias e todo ese tipo, pero se poderías dar un consello á xente nova o aos novos escritores que lle gustaría ter unha carreira ou dedicarse a publicar libros e ese tipo de cousas.

Resposta: Hai tempo tamén escribín un ensaio, que se chamaba a *Arte de desaconsellar*, é dicir, eu non podo dar consellos porque non estou seguro de que saiba do que estou

falando en cada momento do que estou falando. Entón as percepcións son moi distintas dependendo, é dicir, se no tes a necesidade de escribir, non te poñas a escribir, porque ao mellor o que tes necesidade é de facer música, de dedicarte as artes plásticas ou, non sei, ou de cociñar fantásticamente, para ser o mellor chef de todo este contorno, entón hai que ter dúas cousas, unha especie de vocación, entón ti poste a escribir porque necesitas entenderte a ti mesma ou sexa o mundo interior e exterior, se ti ves que non necesitas, porque xa o entendes á perfección, non tes por que andar, ía dicir perdendo o tempo, pero poñerte a escribir, se pensas que lle vas poder dedicar o número suficiente de horas como para sacar algo, que que te sintas satisfeita... Os escritores non teñen salario. Os artistas en xeral non teñen salario, porque digamos o seu salario potencial depende do éxito comercial, entón o éxito comercial non se dá sempre, dáse unha minoría, e no se dá pola calidade do que estas facendo. Ti tes que pensar se me vou a dedicar a calquera tipo de arte, a música a literatura, pintura, escultura ou tal, ti non podes pensar nun salario, tes que pensar que vai ser deficitario, que vas ter que dedicarte probablemente a outra profesión para poder sobrevivir, no noventa e nove coma oitenta e nove por cento dos casos, é verdade que a maior grande parte, ti verás que son xornalistas e lles gusta escribir, escriben digamos a parte creativa sen esperar que necesariamente vaia pagar as facturas, e para pagar as facturas, pois un artigo alí e un artigo alá, nun programa de radio ou así.



A maioría deles, moitos son profesores, no sei se o voso profesor escribe. Entón hai que ter consciencia de que non é unha carreira profesional, a non ser que queiras escribir ao ditado

doutros, é dicir escribir por encargo e que ti estas disposto a non escribir o que ti queres, senón o que che toca escribir... Unha novela policial toca? Toca ser coguionista de "Aquí no hai quen viva"? E toca, para poder gañar os cartos; e tamén es escritor, pero se ao que te queres dedicar é a unha actividade creativa, pensa que non vas ter salario de principio, despois igual tes, igual despois es supermillionario, pero en principio, ti tes que pensar que non vas ter salario e entón as horas que lle vas dar a iso, van ser moitas e mal pagadas.

Eu tamén escribín un artigo sobre o salario dos escritores, é unha crónica que sae nun libro que se chama *Caderno da revolución cultural*, e explica que o salario medio dos escritores galegos son dez céntimos por hora de traballo, menos do que gaña un albanel, un carpinteiro, ou un que pinta paredes, menos de 15 euros por hora non che vai cobrar. Non é para desanimar é para todo o contrario é para dicir a necesidade de ter unha profesión aínda que sexa medio tempo para pagar as facturas e despois se tes as facturas pagas, que hai dúas maneiras ou traballas ou es fillo de millonario, entón non sei se será o caso, ou tamén se tes un patrocinador, é dicir a Leonardo da Vinci, a Botticelli e todos estes lles pagaban, había un señor feudal máis ou menos dunha cidade estado en Italia que lles daba un salario, se non, non tiñan ni para comprar o mármore para facer as esculturas. Un patrocinador, familia con diñeiro ou hai que ter un traballo, pois ese é o consello.

Pregunta: Xa que imos facer a viaxe a Bruxelas que nos recomenda persoalmente ver alí?

Resposta: Ben, pois eu se tivese que recomendar un único lugar, é visitar o parque de Tervuren, primeiro porque, non sei en que época do ano ides ir, se é agora é bonito pero é mais bonito en inverno porque vai o tranvía que leva alí, montas no tranvía e te leva por medio do bosque, imaxina, ti consideras o tranvía urbano e de súpeto pasa por medio do bosque, no inverno é moi bonito porque está nevado e entón vai o tranvía por medio da neve e ves saltar os coellos por alí, é un parque enorme con estanques e tal e ten un museo moi interesante, que é un museo de África central onde podes entender as variedades de culturas, a variedade biolóxica, as breves culturas que existían na zona africana, que foi dominada polos Belgas cando chegaron, a arte, máscaras, un montón de cousas, animais de todo tipo, hai desde bolboretas así de grandes, bolboretas, así de enormes nocturnas, ata un elefante, é un sitio así realmente precioso, porque ademais o edificio é un edificio modernista... se buscades o parque do museo de África xa veredes o bonito que é o edificio por fóra e por dentro e a cantidade de cousas que ten dentro magníficas, despois entras e hai un estanque ía dicir ata onde se perde a vista pero case de longo rodeado de faias bosques de faias, un lugar pero marabilloso, marabilloso en calquera época do ano porque vai cambiando de digamos de estación e tal as faias son uns árbores caducifolios, no inverno non teñen follas e despois florece, normalmente todos florecen a finais de Abril, agora cando chegues vós pois estará todo florecido, é un lugar fantástico para visitar.

A visita ao parque ten unha importancia fundamental, primeiro porque hai unha parte no museo digamos que ten moito que ver coa economía africana, colonial e poscolonial, entón claro para un entender o mundo colonial e poscolonial é unha visita moi importante porque iso te sitúa no mundo de que foi o colonialismo no século XIX principalmente do XX ata os anos 50, finais dos 50-60, cando despois da conferencia internacional de Bandung, e empezaron os procesos de descolonización a nivel mundial.

Pregunta: Quería preguntarlle como se lle ocorreu o nome Queipo, de onde vén?

Resposta: Eu pasei por moitas etapas da miña vida, no colexio e tal, pero houbo un momento en que eu estaba na universidade e estaba digamos no sector antifascista naquel momento, aínda que antifranquistas eramos todos, había varias ramas, entón Queipo era o meu nome de guerra, era un nome falso; tiñamos un nome falso, non había teléfonos móbiles entón, tiñamos nas axendas palabras en clave e cando saías da casa e ías a un sitio ou a unha xuntanza tiñas que facer varios rituais, digamos así, por se te estaban seguindo, é dicir, ás veces parar nun escaparate e ver se a xente era a mesma ou non, unha serie de cousas de seguridade. Resulta que Queipo é un nome dun lugar que queda no concello de Ordes, paréceme que é, existe un lugar que se chama así. Tamén é un apelido non común, pero non descoñecido na provincia de Lugo e mais en Asturias, é o nome dun matemático, se cadra o matemático máis importante que deu Galicia, que era de Lugo e que fixo as táboas de logaritmos, Vázquez Queipo, e despois é o nome dun dos maiores carniceiros que houbo na época da Guerra Civil, mandaba a xente (a elas e a eles) para que primeiro as violaran e despois... En fin era un nome de guerra e os meus colegas chamábanme Queipo. Os meus apelidos son moi comúns e hai moitos escritores que teñen os mesmos apelidos, eu son Francisco Vázquez. E hai unha terceira razón, meu pai, que era dos requetés, dixo que non quería que o seu apelido se vira reflectido coas ideas do seu fillo que el consideraba transgresor.



O IES CASTELAO NOS MEDIOS

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, participa nos actos arredor de Otero Pedrayo este mércores na provincia de Ourense

A Xunta e a Fundación Otero Pedrayo entregan os galardóns da II edición do seu certame para estudantes de ESO e Bacharelato

- Na categoría individual foron para os institutos IES As Barxas de Moaña e o IES Castelao de Vigo polos traballos de Patricia Fernández e Alexandre Faria



≡ **Atlántico**

ULTIMAS NOTICIAS

ELECCIONES 23J

VIGO

CELTISMO

GALERÍAS

ATLANTICOTV

VIGO

Cultura gallega a golpe de rimas



Los regueifeiros del IES Castelao en el auditorio santiagués.



Saúl Cruz



El IES Castelao apostó por las denominadas “regueifas” para promover en sus alumnos la enseñanza del gallego y la soltura en el idioma para “normalizar su uso”

LO MÁS LEÍDO

1



ECONOMÍA

Los trabajadores del

CELANOVA

Pepe Velo na memoria

RAMÓN NICOLÁS



03 feb 2023 · Actualizado a las 06:00 h.



Comentar · 0

O pasado día 31 de xaneiro cumpriuse o cincuenta e un cabodano de Xosé Velo Mosquera: escritor, profesor, activista, exiliado e parte activa no secuestro do transatlántico Santa María, ocorrido en xaneiro de 1961, como acción política dos chamados comandos do DRIL para denunciar as ditaduras ibéricas. Anos antes compartira, nos tempos da República, aquel soño que foi o *Cartafol de poesía*, man a man co seu amigo Celso Emilio Ferreiro, nos tempos que impulsaron con forza as Mocidades Galeguistas de Celanova ata convertelas nunha das asociacións políticas xuvenís máis relevantes.

No labor de divulgar e espallar a figura de Xosé Velo Mosquera está embarcado o documentalista e investigador Aser Álvarez con varios proxectos: un de carácter audiovisual titulado *Xosé Velo. O libertador ibérico*, que foi estreado no IES Castelao o pasado día 30 de xaneiro; outro orientado cara ao ámbito docente —*Xosé Velo sen fronteiras. Fotobiografía sonora*— e o que hoxe nos ocupa: *Xosé Velo. Textos escollidos*.

Atlántico · ÚLTIMAS NOTICIAS · ELECCIONES 23J · VIGO · CELITISMO · GALERÍAS · ATLÁNTICOTV ·

VIGO

IES Castelao asina a mellor expo das Letras Galegas



Marta Fernández-Tapias finc entrega do premio ao mellor cartel das Letras Galegas ao IES Castelao.



Redacción

04/MAY/23
ACTUALIZADO:
04/MAY/23 - 01:13

COMPARTIR



A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Marta Fernández-Tapias, entregou onte ao IES Castelao de Vigo o premio pola súa mostra gañadora do Concurso-Exposición Letras Galegas 2023 co traballo "Camiñando con Ramón Sanfín, coñecemos a Francisco Fernández del Riego". O galardón foi convocado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no marco da programación institucional das Letras Galegas posta en marcha pola Xunta de Galicia.

LO MÁS LEÍDO

- ECONOMÍA**
Los trabajadores del metal boicotean la feria Mindtech en Vigo
- GENE**
Telecinco elimina de manera fulminante la huella de la viguesa Carlota Corredera

Escritora novel no instituto



O pasado mércores 31 de maio na biblioteca o grupo de 1º de ESO-C tivo ocasión de coñecer en persoa a María Corredera Pardo, alumna de 2º ESO A, que vén de publicar na editorial Letra Minúscula a súa primeira obra, *La maravillosa isla de Zafira*, unha noveliña de fantasía na que presenta un maravilloso mundo poboado por catro reinos (ninfas, fadas, gnomos e trolls) que se ve atacado polos bárbaros. Incorpora tamén elementos propios da literatura tradicional como é a narración oral ou a figura da avoa, que non podía faltar. Todo ilustrado pola propia autora!

Fermosas descrições, sorprendentes neoloxismos... para presentamos este mundo creado por María para entretemento duns lectores que agardamos xa pola súa seguinte historia.

O alumnado que asistiu á presentación coñeceu de primeira man o proceso de creación, durante os paseos pola aldea na pandemia, as súas preferencias, o proceso de publicación, as dificultades ás que se enfrontou... formulándolle cantas preguntas se lles ocorreron.

Desexamos e augurámoslle a María un futuro prometedor e moi gratificante facendo o que tanto lle gusta!

Parabéns!!



La Voz de Galicia

OPINIÓN

«Cuando empecé bachillerato me di cuenta de que los profesores están saturados»

CARTAS AL DIRECTOR



E CUIRA

14 ene 2023 · Actualizado a las 05:00 h.



Comentar · 10

Aulas con menos alumnos y más profesores

Soy alumno en el IES Castelao de Vigo y sé que no soy el más listo ni nada por el estilo, pero si algo me di cuenta cuando empecé primero de bachillerato es que los profesores están saturados;

ALGUNHAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

CURSO 2022-2023

Remata un curso no que recuperamos o aforo da biblioteca (48 persoas) e no que tamén se volve incrementar o número de préstamos. Ademais, cos cambios feitos no mobiliario –mercé a dotación do PLAMBE- conseguimos “agrandar” un pouco o noso espazo, que se viu sempre ben concorrido de alumnado traballando, lendo, compartindo, preguntando...

Como calquera outra, a biblioteca ten que democratizar a difusión do coñecemento e a información e compensar as desigualdades no acceso aos libros impresos, pero tamén aspira a ser lugar de encontro e de inspiración para a lectura e para a creatividade: lugar no que ler por pracer, lugar no que escribir, lugar no que debuxar, compartir e comentar... Ese é o noso desexo e a meta que perseguimos cando promovemos a lectura, sempre e de calquera tipo.

Porque a lectura pode estar na base de calquera outro coñecemento. E a través da lectura podemos vivir cousas que nunca vivimos ou entender cousas que estamos a vivir.

O equipo da biblioteca



CONCURSOS



VII Concurso de literatura infantil e de base

Este concurso é destinado a todos os alunos do 1.º ao 5.º ano de escolaridade, com o objetivo de promover a leitura e a escrita criativa.

As inscrições devem ser entregues até ao dia 31 de maio de 2017, às 17h30, na biblioteca da escola.

LECȚURAS NA BIBLIOTECA (ou fóra)



CLUB DE LECȚURA «A PÉ DE OBRA»

Encontro con Xesús Fraga

Encontro con Xesús Fraga, autor de "O mundo é um livro aberto".

LECȚURAS NA BIBLIOTECA

Sobre Jules Verne



OUTRAS ACTIVIDADES



Conhecemos o Entroido

TESTAMENTO DA BIBLIOTECA

Este concurso é destinado a todos os alunos do 1.º ao 5.º ano de escolaridade, com o objetivo de promover a leitura e a escrita criativa.

As inscrições devem ser entregues até ao dia 31 de maio de 2017, às 17h30, na biblioteca da escola.

CONCURSOS

CONCURSO de desenhos

Este concurso é destinado a todos os alunos do 1.º ao 5.º ano de escolaridade, com o objetivo de promover a leitura e a escrita criativa.

As inscrições devem ser entregues até ao dia 31 de maio de 2017, às 17h30, na biblioteca da escola.



Debatendo um livro

Este concurso é destinado a todos os alunos do 1.º ao 5.º ano de escolaridade, com o objetivo de promover a leitura e a escrita criativa.

As inscrições devem ser entregues até ao dia 31 de maio de 2017, às 17h30, na biblioteca da escola.

CONCURSOS



Ilustrando a CASSELAO

OUTRAS ACTIVIDADES

TESTAMENTO DA BIBLIOTECA

Este concurso é destinado a todos os alunos do 1.º ao 5.º ano de escolaridade, com o objetivo de promover a leitura e a escrita criativa.

As inscrições devem ser entregues até ao dia 31 de maio de 2017, às 17h30, na biblioteca da escola.



Videos con R

EXPOSICIÓN

15 de Novembro
Día da Eliminación
da Violencia contra
as Mulleres



11 de Setembro: Día da Muller e do Mareiro Galego

SORZEOS



Sorzeos entre os lectores do 1º e do 2º trimestre



EXPOSICIÓN



OUTRAS ACTIVIDADES



Presentación do libro de María Corredera

LECŔURAS NA BIBLIOTECA (ou fóra)



Día das Escritoras



EXPOSICIÓN



14 de Setembro: Saí Vinte



8 de Marzo: Día da Muller

CLUB DE LECTURA «A PÉ DE OBRA»



CONCURSOS



Fervenza da Feixa



O día está un pouco nubrado tirando a un gris escuro. Saco a miña cámara de fotos como o pintor saca a súa paleta de cores con matices outonais.

As árbores xa estaban espidas que parecían as varas de vimbio, con algunha folla amarelada e tirando a marrón escuro.

Escóitase un lixeiro son da auga e o vento, como un murmurio que cantaba unha canción de berce. Coma a nai afable que lle canta á súa cativa que non ten máis de dous meses, está no berce de vimbio, coma as árbores do lugar.

Miras arriba e ves unha especie de construción ao estilo Xaponés. Coma se dela fora saír unha igrexa con eses matices branco e vermello. A procura do seu vestido de seda branca. Xa que a auga cae tan suavemente e con delicadeza que parecía facer unha tea branca de seda. As silveiras xa están a murchar e a herba a amarelar; os penedos están quedos, que o tempo non pase. Nótase a humidade do lugar. O día remata cun vento afable, coma se te envolvera nesa tea de branca seda.

Foto e texto: Cristina Vázquez Pérez

Maldito soño

Pasaran demasiados anos (demasiados para o meu gusto) dende a última vez que nos víamos. Mireino ao lonxe, estaba certo de que era el. Estaba igual, non avellentara nada. Funme achegando e ollaba a súa faciana sorrindo, o seu pelo ao estilo “Gary Moore”, como adoitabamos dicirlle.

Non lembro onde nos atopáramos, estaba confuso, todo ao meu carón desaparecera, soamente estábamos el e mais eu, ninguén máis, nada máis, unha fina néboa envolvía o ambiente.

A ledicia de volver a velo e falar con el e o medo a que volvera a esvaecerse fixo que me apresurara un pouco máis. Cheguei á súa altura, como sempre nos saudamos deille un empurrón no ombro.

“Que pasa, onde andaches todos este anos?” El esbozou un sorriso e encolleu os ombreiros. Nese momento asegureime de que era el, fervoroso comecei a contarlle cousas.

“Pois si, dende que te fuches pasaron moitas cousas casei, tiven un fillo, volvín a estudar”, díxenlle cun sorriso.

“Lembras os días que pasamos xogando ao fútbol de cativos, as nosas acampadas, os concertos e viaxes lémbrales?” Pregunteille.

El esbozou outro sorriso e baixou a cabeza a modo de tristura.

“Non te inquietes, agora que volviches recuperaremos o tempo perdido e poderemos facer cousas xuntos”. “Por certo, onde te metiches todos estes anos?”, pregunteille. A el escorreulle unha bágoa pola meixela, era raro, nunca o vira chorar.

A derradeira vez que o vira fora no tanatorio, lembrei.

Maldita sexa, eu estaba a un lado do cristal e el no outro, inmóbil coas mans entrelazadas.

¡MERDA! É certo isto só foi un... maldito soño.

(Lembro a Fran)

Jorge Sueiro Lago



Ballet

Vou falar sobre o ballet porque o practiquei cando era máis pequena e paréceme interesante a antigüidade desta disciplina.

A palabra ballet vén do francés e foi tomada

pola lingua inglesa no século XVII. Á súa vez, ten orixes no italiano con *balletto* diminutivo de *ballo* que quere dicir danza.

O ballet é unha disciplina que traballa o corpo de forma progresiva coa práctica regular. A súa orixe atópase no Renacemento Italiano durante os séculos XV e XVI. Estendeuse desde Italia ata Francia, onde se desenvolveu aínda máis, debido á súa influencia aristocrática.

En 1573 levouse a cabo a primeira peza de ballet de corte chamada “*Ballet des Polonais*”. Tamén en 1581 se produciu outra peza de ballet de corte cuxo nome foi “*Ballet Comique de la reine*” nel integrouse a poesía, a danza, a música, e a escenografía para transmitir unha historia dramática unificada.

Durante o século XX os estilos do ballet continuaron desenvolvéndose fortemente, obtendo unha influencia maior na danza de concerto.

A literatura e a música debían entreter principalmente os aristócratas da época.

Por último, cómpre dicir que o ballet transmite relaxación, harmonía e tranquilidade, pero detrás de todo iso ten unha disciplina de adestramento dura e intensa.



O BULLYING

É o acoso cara a outra persoa. Unha persoa pode facelo por problemas familiares, físicos... Queren ver mal outra persoa. Os que sofren o bullying poden estar ameazados ou non queren contalo porque non queren que os vexan débiles. Podes saber se a unha persoa a están acosando cando ten



problemas para concentrarse, mal humor, están agresivas e teñen problemas para durmir. Acaban indo a psicólogos, tendo ansiedade cando están con xente e tendo problemas de autocontrol, usando a violencia e atacando ao agresor. O bullying é un problema porque poden acabar intentando suicidarse. Fano grupos de persoas. Acaban deixando de estudar porque teñen problemas psicolóxicos e non poden durmir.

Nora Palacios Sobral. Módulo IV ESA





POR QUE?

Por que? Esa pregunta que te fas en cada momento, a cada minuto, a cada segundo. Esa pregunta que che fai reflexionar, madurar e comezar a mudar os teus hábitos. Esa pregunta que cando che chega á testa, adormece nela. Esa

pregunta, á que anhelas unha resposta e corres cara á ela coma unha estrela fugaz nunha noite de agosto.

Todo o mundo sabe dela, poucos coñecen a súa resposta e ninguén conseguiu descifrala.

É coma números infinitos. Comezas descubrindo os primeiros números e acabas por caer na conta de que nunca haberá unha cifra definitiva.

Ese "por que?" con quen pasas noites sen durmir, pensando se algún día parará

de perseguirte, se algún día deixarás de sentir ambición por el.

Esa resposta á que aspiras é coma un horizonte, coma un burato negro, é tan

profunda que se entras nunca sabes cando, como e con que vas saír.

Pasan os días, as semanas e os anos, e dáste conta de que é moito máis doado vivir sen esa pregunta tan filosófica.

Entendes que é moito máis sinxelo gozar do teu presente sen tela en conta, pero



non para sempre, ata que o final te alcance. Alcánzate a ti, dás iso por feito, pero nunca saberás se captará ese "por que?" ou será só o comezo dun novo.

SOFÍA RIVEIRO GÓMEZ

PERDA

Tes oito anos. Cubre un cuestionario sobre a túa personalidade: Cal é o teu pasatempo? E o teu animal favorito? Cal é o teu maior medo?...

Ler. O oso panda. A perda...

Comparas respostas coa túa mellor amiga:

–O meu maior medo é ás arañas. E o teu?

–Á perda.

Ela non entende, só ten oito anos. Ti tampouco, pero coñeces ese sentimento que acompañou a perda do teu xoguete favorito.

A vida continúa.

Nunha sala, un home de bata branca repíteche a mesma pregunta que cubriches no cuestionario anos atrás. A resposta non cambia. Pero esta vez, si entendes. O home, fronte a ti, mira con comprensión: coñece ese sentimento.

Porque a vida e a perda son sinónimos. E esta última non existe sen a primeira: perdes a relación con esa amiga coa que xuraches estar toda a vida cando tiñas oito anos, perdes á xente á que máis queres, perdes a memoria que che permitía lembralos, perdes as ganas de ser feliz e de seguir adiante... E, cando xa non queda nada máis e esa relación de simbiose deixa de funcionar, só queda unha cousa que perder: a vida.

Mencía Jorge Cabaleiro. 1º bac. E



O VI Concurso de microrrelatos da RAG e PuntoGal premia nove historias cheas de vida e de perda

2º premio no VI Concurso de microrrelatos da RAG e PuntoGal



IES CASTELAO

CERTAME DE MICRORRELATOS AS LETRAS DO CASTELAO 2023

Organizan: Equipo de Normalización da Lingua Galega
Departamento de Lingua e Literatura Galega



Menos e Máis

Aquel 17 de maio, Menos descubriu o apego que sentía por Máis, pero non podían estar xuntos por aquela horrible lei que prohibe amar números de dispar signo. Máis tan positivo que sempre tentará ata o infinito reunirse con Menos; en cambio, Menos, constantemente negativo, pensando que iso nunca ocorrerá. Máis coas súas intencións de reunirse con Menos, saltou números chegando a Deus, Cero. Finalmente ambos se atoparon en espazos semellantes, pero ao facelo faleceron, porque chegaron ao inferno que creou Cero.

Antía Domínguez Carrera. 1º bac. A. (1º premio)

Aquel 17 de maio, en Vigo, aconteceu unha batalla épica entre dous seres divinos: o Deus

Spaghetti e Nicolás Carballido. O motivo era algo tan simple e delicioso como un choripán con ketchup.

O Deus Spaghetti, unha das deidades máis queridas da relixión Pastafariana, camiñaba pola rúa disfrutando da celebración do día das letras galegas. Cando chegou a unha tenda de comida, viu que Nicolás Carballido, o famoso youtuber galego, estaba a mercar o último choripán con ketchup.

Sen dúbida, o Deus Spaghetti tamén quería ese choripán. Así que, sen pedir permiso, arrincou o bocado das mans de Carballido e empezou a engulir con avidez. Nicolás non estaba disposto a deixar que lle roubasen a súa comida favorita, así que enganhou unha parte do bocado e tirou con forza.

A partir de aí, a tensión foi en aumento. O Deus Spaghetti e Nicolás Carballido envolvéronse nunha loita feroz polo control do choripán, tirando e empurrando con todas as súas forzas.

Os espectadores non sabían se rir ou apartarse, pero non puideron desviar a vista daquela escena tan inesperada.

Finalmente, despois dunha longa e intensa batalla, o Deus Spaghetti recoñeceu que Carballido merecía ese choripán tanto como el. Así que, con toda a súa divindade, creou outro choripán con ketchup do nada e entregouno a Nicolás, quen agradecido aceptou o bocado e empezou a comelo con gusto.

A lección daquela batalla foi clara: aínda que sexan deuses ou influencers, todos temos que compartir e respectar os desexos dos demais, sen deixar de lado a nosa propia paixón pola comida galega. E así, co estómago cheo, o Deus Spaghetti e Nicolás Carballido seguiron gozando da festa do 17 de maio en Vigo.

Iago Estévez. 1º bac. B (2º premio)

A ONDE VOU?

Aquel 17 de Maio, a miña casa estaba en silencio. Non se escoitaban nin coches pola estrada, nin paxaros cantando nas árbores, nin absolutamente nada. Eu encontrábame charlando coa miña familia. Facía moito tempo que non os veía. Anos diría eu. Estábamos todos, mamá, papá, o avó, a avó... . Dábanme a benvida. Eu non entendín moi ben o motivo, porque a verdade, acababa de entrar pola porta da entrada e todo o mundo viña a recibirme de súpeto. Estaba na miña cadeira cando empecei a sentir a falta de aire, a rixidez das miñas articulacións... . A visión voltábaseme a branca. Escoitei unha nena dicir o meu nome. Papá! Papá! berraba ela. Eu quería responderlle, o intentei con todas as miñas forzas pero a miña boca non articulaba palabra por moito esforzo que fixese. Dínme conta. Nese mesmo momento fun conscente de que estaba a morrer. Que a nena que chamaba por mín era a miña filla e as persoas da sala, os meus antepasados, que estaban a dar-me a benvida as portas da morte.

Antía Domínguez. 1º bac. A (3º premio)

Namoreime

Aquel 17 de maio, despois de moitos anos sen dar-me conta, pensei: eu necesito amarte, estar ao teu carón, como puiden pasar tanto tempo afastado de ti ? Sen prestar atención, ignorándote?

E agora cada vez que te escoito trémeme o corazón, cando vexo o meu arredor todo me lembra a ti.

Vagalume, axóuxere, carrabouxo, bolboreta, sementar, ceibe. Poesía que sae do corazón sen darnos de conta, como se estiveramos entoando unha canción no berce dun neno.

Es a miña lingua nai, a que sempre estivo aí, sen facer ruído pero presente; cando paseaba polo río, este murmuraba contra as pedras, cando co vento as arbores batían as súas ramas e facían laídos harmónicos, cando as olas baten contra as rochas nas nosas costas.

Que sorte a nosa de ter unha lingua tan rica en expresións, e que tan ben soa nas persoas que a saben falar escoitar e amar.

Jorge Sueiro Lago. ESA-adultos (1º premio)

Unha revelación na monotonía

Aquel 17 de maio, Ana lembrouse do día en que decidiu fuxir dunha vida monótona e aborrecida. Aquel día, o día das Letras Galegas, sentíase especialmente atrapada na súa rutina laboral. A saída estaba na literatura, pensou. E así foi, mergullouse en libros galegos, leu todo o que puido e comezou a escribir. A súa primeira novela non foi publicada ata anos despois, pero aquel día significou para ela unha revelación. Percibiu que a literatura estaba chea de vida, de emocións e historias que merecían ser contadas. Por iso, cada 17 de maio Ana ponse diante do ordenador e traballa duro no seu novo proxecto literario, coa ilusión renovada e coa determinación de transmitir a forza da palabra galega a través das súas historias.

Ignacio Forino. ESA-adultos (3º premio)

Unha aparición

Aquel 17 de Maio pareceume ver a Rosalía, ou sería unha aparición?, parecía ter un cansazo de séculos.

O alcalde prometera un día especial das Letras Galegas, cheo de sorpresas.

Seguín ao espectro de Rosalía polas rúas da cidade, era unha icona temporal do noso país. Será posible que ninguén lle preste atención?.

Camiñei ata unha praza con paso seguro, temendo pola miña saúde mental.

Ela paseaba con esa pose maldita dos románticos, ía dun lado a outro sen ser percibida. Díciase que sofrera de depresións. A súa primeira obra marcaba cunha profunda tristura.

A melancolía do ollar resaltaba a palidez, vestida con esas roupas estrañas semellaba unha pantasma.

Non é de tolos ter a Rosalía aí diante? Só eu son capaz de vela?, pregunteime.

*

Caeu a noite devagar, as luces abraiáronme, comezou a melodía mentres ela bailaba sensualmente; de súpeto berrou: *Vamos Vigo, esas motomamis arriba!*

Merlín Menéndez Pérez. 1º bac. A-adultos (2º premio)

AS MANCHAS OPACAS DAS LOITAS

Aquel 17 de maio, día das Letras Galegas, a guerra comezou no meu país, e meu amigo, na cama daquel hospital, a piques de morrer, escribiu estes versos:

Canta crueldade e hostilidade
xente con antipatía e maldade,
un mundo aborrecido de perversidade.

por que, para que?

Tócanos tempos moi difíciles,
tanques, bombas, mísiles
xente empunhando os fusís.

por que, para que?

Sombra, confusión, tenebrosidade,
nenos que están na escuridade
só hai humidade e frialdade.

por que, para que?

Nais chorando de tristeza
pola clara chegada da pobreza,
e todo por egoísmo e riqueza.

por que, para que?

Canta xente ten que morrer,
por culpa dun que non sabe ceder
todo por avaricia e poder.

por que, para que?

Deixemos as guerras en paz
e loitemos pola amizade, respecto, cariño e igualdade:

PARA ALCANZAR A FELICIDADE

Ángel Faro Ballesteros,
Mario Ruiz Juncal,
Nicolás Rodríguez Barrio.
1º ESO C

Déixenme chorar

Aquel 17 de maio pensei e pensei no máis profundo de min, pero na miña cabeza só tiña os prantos e cantares da miña alma. Estaba en plena clase, debruceime e caín coma pétalos sen corola chorando e chorando.

Alcei a miña voz e díxenlles aos mestres: déixenme chorar, quero despedirme en silencio, facer a miña mente razoar que para isto non hai remedio.

Déixenme chorar, quero sacalo do meu peito.


Boutanina Mraha 3º ESO D (2º accésit)



Instrucións para deprimirse

Normalmente a xente pensa no seu propio ser, a súa alma ou a súa propia persoa, quen son ou por que o son, e a depresión é un dos seus maiores factores. As persoas non son conscientes de que a maior parte da súa vida está chea de tristes ou deprimentes momentos ou, noutras palabras, fracaso.

Principalmente, deixa os teus pensamentos libres e deixa o vaso da túa autoestima medio baleiro e non medio cheo. Logo céntrate na túa única tristeza e que as túas lagoas se enchar nas nubes como unha borrasca de medo. Seguidamente que a túa face se cubra dunha incansable rabia e que os teus ollos representen o negro puro e a dor interna, ata que ao final vexas a vida como un inmenso baleiro.



I.E.S. Castela

7/12/2022

Instrucións de
Cortazar

COLABORARON

ANA VICTÓRIA COELHO DUARTE

ÁNGEL FARO BALLESTEROS

ANTÍA DOMÍNGUEZ

BOUTANINA MRAHA

CANDIDO PANIAGUA POUSA

CHUS FERRÍN

CRISTIAN LEMA BENAVIDES

CRISTINA VÁZQUEZ PÉREZ

DIANA GARCÍA CARRERA

EQUIPO CAMIÑANDO CON RAMÓN SANFIZ

EQUIPO ERASMUS ADULTOS

HELENA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

IAGO ESTÉVEZ

JORGE SUEIRO LAGO

MARIO RUIZ JUNCAL

MENCÍA JORGE CABALEIRO

MERLÍN MENÉNDEZ PÉREZ

NACHO FORINO

NICOLÁS RODRÍGUEZ BARRIO

NORA PALACIOS SOBRAL

SANDRA FREIRE NIMO

SARA ALONSO PIMENTEL

SILVIA IGLESIAS LAGO

SOFÍA RIVEIRO GÓMEZ

E MOIT@S MÁIS...





Francisco Fernández del Riego (Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010)